

INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS

Familias, arrancamos un curso incerto, pero desde a Anpa Santa Uxía **acordamos manter as actividades que viñamos realizando en anos pasados** (cos cambios motivados pola irrupción da Covid19), pois pensamos que é positivo, tanto para os nenos como para os proxenitores, que siga existindo un abano de propostas lúdicas, culturais e deportivas.

Por iso, ao longo do curso e de acordo coa dirección do Ceip P. O Grupo, a Anpa Santa Uxía vai organizar **actividades lúdicas e culturais en horario lectivo**. Nesta ocasión, por mor da alarma sanitaria, non serán propostas de gran formato, senón que apostaremos por actividades de pequeno formato que se irán desenvolvendo nas diferentes aulas ou por niveis, garantindo sempre o distanciamento dos nenos e o resto de medidas de protección fronte ao coronavirus. Serán, coma sempre, propostas das que se beneficiarán os 450 alumnos do colexio, aínda que fóra do horario lectivo tamén trataremos de ofrecer outras **actividades restrinxidas ao socios**.

Aquelas familias que queiran facerse socias da Anpa deberán realizar un **ingreso de 20 euros na conta de Abanca ES81 2080 0303 1330 4001 6758**. Nesta **ocasión é obrigatorio enviar un correo co xustificante de pago a anpaogrupo@yahoo.es**, co nome do pai/nai, DNI, nome do neno/a e número de teléfono, pois faremos unha lista de difusión a través de whatsapp para enviarlle a información ás familias e tamén empregaremos o whatsapp para facer chegar os **carnés dixitais**. Este documento permitirá acceder a **descontos no comercio local** (en breve enviaremos a lista das tendas que se suman á iniciativa).

NOTA: Facerse socio/a da ANPA implica a cesión temporal de datos persoais con fins exclusivamente da entidade así como a autorización para unha comunicación vía whatsapp ou e-mail coa entidade só para asuntos da asociación, o colexio ou as familias, xa que será o único modo de información e consulta para o curso 2020/2021 e ata novo aviso. Grazas pola colaboración

SERVIZOS EN MARCHA:

* Plan Madruga: permite deixar aos nenos no recinto escolar a partir das 7.30 horas. Teléfono de contacto: 646 176 833

*Comedor: Funciona desde as 14.00 ata as 16.00 horas. Teléfono de contacto: 630 065 790